

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS

Aos socios da "Federación Galega de Tiro con Arco" por encargo da súa Xunta Directiva:

1. Temos auditado as contas anuais da "**Federación Galega de Tiro con Arco**" que comprenden o balance ó 31 de decembro de 2012, a conta de resultados o estado de cambios no patrimonio e a memoria correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data. Os membros da Xunta Directiva son responsables da formulación das contas anuais da Federación, de acordo co marco normativo de información financeira aplicable á entidade (que se identifica na Nota 2 da memoria adxunta) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as citadas contas anuais no seu conxunto, baseada no traballo realizado de acordo coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España, que require o exame, mediante a realización de probas selectivas, da evidencia xustificativa das contas anuais e a avaliación de se a súa presentación, os principios e criterios contables utilizados e as estimacións realizadas, están de acordo co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación.
2. Na nosa opinión, as contas anuais do exercicio 2012 adxuntas expresan, en tódolos aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da "**Federación Galega de Tiro con Arco**" ao 31 de decembro de 2012, así como dos resultados das súas operacións correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.
3. Sen que afecte á nosa opinión, chamamos a atención respecto a que as contas anuais correspondentes ó exercicio 2011 non foron auditadas, por non estar obrigados a facelo.

Auditora Galega de Contas, S.L.P.

Inscrita en el R.O.A.C., nº: S1920



Asdo.: Francisco Servia Santos.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2013